**Encargado do tratamento:** a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou calquera outro organismo que, só ou conxuntamente con outros, trate datos persoais por conta do responsable do tratamento.

**Consentimento do interesado:** toda manifestación de vontade, libre, inequívoca, específica e informada, mediante a que o interesado consinta o tratamento de datos persoais que lle concirnen.

Cesión ou comunicación de datos: toda revelación de datos realizada a unha persoa distinta do interesado.

**Fontes accesibles ao público:** aqueles ficheiros cuxa consulta pode ser realizada, por calquera persoa, non impedida por unha norma limitativa ou sen máis exixencias que, de ser o caso, o aboamento dunha contraprestación. Teñen consideración de fontes de acceso público, exclusivamente, o censo promocional, os repertorios telefónicos nos termos previstos pola súa normativa específica e as listas de persoas pertencentes a grupos de profesionais que conteñan unicamente os datos de nome, título, profesión, actividade, grao académico, enderezo e indicación da súa pertenza ao grupo. Así mesmo, teñen o carácter de fontes de acceso público os diarios e boletíns oficiais e os medios de comunicación.

**REAL DECRETO 994/1999, DO 11 DE XUÑO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE MEDIDAS DE SEGURIDADE DOS FICHEIROS AUTOMATIZADOS QUE CONTEÑAN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO DO 25 DE XUÑO DE 1999, NÚM. 151.**

Este regulamento ten por obxecto establecer as medidas de índole técnica e organizativas necesarias para garantir a seguridade que deben reunir os ficheiros automatizados, os centros de tratamento, locais, equipos, sistemas, programas e as persoas que interveñan no tratamento automatizado dos datos de carácter persoal suxeitos ao réxime da Lei orgánica 5/1992, de 29 de outubro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

Para os efectos deste regulamento, entenderase por:

**Sistemas de información:** conxunto de ficheiros automatizados, programas, soportes e equipos empregados para o almacenamento e tratamento de datos de carácter persoal.

**Usuario:** suxeito ou proceso autorizado para acceder a datos ou recursos.

**Recurso:** calquera parte compoñente dun sistema de información.

**Accesos autorizados:** autorizacións concedidas a un usuario para a utilización dos diversos recursos.

**Identificación:** procedemento de recoñecemento da identidade dun usuario.

**Autenticación:** procedemento de comprobación da identidade dun usuario.

**Control de acceso:** mecanismo que en función da identificación xa autenticada permite acceder a datos ou recursos.

**Contrasinal:** información confidencial, frecuentemente constituída por unha cadea de caracteres, que pode ser usada na autenticación dun usuario.

**Incidencia:** calquera anomalía que afecte ou puidese afectar á seguridade dos datos.

**Soporte:** obxecto físico susceptible de ser tratado nun sistema de información e sobre o que se poden gravar ou recuperar datos.

**Responsable de seguridade:** persoa ou persoas ás que o responsable do ficheiro asignou formalmente a función de coordinar e controlar as medidas de seguridade aplicables.

**Copia de seguridade:** copia dos datos dun ficheiro automatizado nun soporte que posibilite a súa recuperación.

#### **Niveis de seguridade.**

As medidas de seguridade exixibles clasifícanse en tres niveis: básico, medio e alto.

Estes niveis establécense atendendo á natureza da información tratada, en relación coa maior ou menor necesidade de garantir a confidencialidade e a integridade da información.

Todos os ficheiros que conteñan datos de carácter persoal deberán adoptar as medidas de seguridade cualificadas como de nivel básico.

#### **Medidas de seguridade de nivel básico.**

Documento de seguridade.

O responsable do ficheiro elaborará e implantará a normativa de seguridade mediante un documento que deberá cubrir obrigatoriamente o persoal con acceso aos datos automatizados de carácter persoal e aos sistemas de información.

O documento deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Ámbito de aplicación do documento con especificación polo miúdo dos recursos protexidos.
- Medidas, normas, procedementos, regras e estándares encamiñados a garantir o nivel de seguridade exixido neste regulamento.



- Funcións e obrigacións do persoal.
- Estrutura dos ficheiros con datos de carácter persoal e descrición dos sistemas de información que os tratan.
- Procedemento de notificación, xestión e resposta ante as incidencias.
- Os procedementos de realización de copias de seguridade e de recuperación dos datos.

O documento deberá manterse en todo momento actualizado e deberá ser revisado sempre que se produzan cambios relevantes no sistema de información ou na organización deste.

O contido do documento deberá adecuarse, en todo momento, ás disposicións vixentes en materia de seguridade dos datos de carácter persoal.

#### **Funcións e obrigas do persoal.**

As funcións e obrigas de cada unha das persoas con acceso aos datos de carácter persoal e aos sistemas de información estarán claramente definidas e documentadas, de acordo co previsto no artigo 8.2 c).

O responsable do ficheiro adoptará as medidas necesarias para que o persoal coñeza as normas de seguridade que afecten ao desenvolvemento das súas funcións, así como ás consecuencias en que puidese incorrer no caso de non respectalas.

#### **Rexistro de incidencias.**

O procedemento de notificación e xestión de incidencias conterà necesariamente un rexistro en que se faga constar o tipo de incidencia, o momento en que se produciu, a persoa que realiza a notificación, a quen se lle comunica e os efectos que derivasen dela.

#### **Identificación e autenticación.**

O responsable do ficheiro encargárase de que exista unha relación actualizada de usuarios que teñan acceso autorizado ao sistema de información e de establecer procedementos de identificación e autenticación para ese acceso.

Cando o mecanismo de autenticación se basee na existencia de contrasinais, existirá un procedemento de asignación, distribución e almacenamento que garanta a súa confidencialidade e integridade.

Os contrasinais cambiaranse coa periodicidade que se determine no documento de seguridade, e mentres estean vixentes almacenaranse de forma inintelixible.

#### **Control de acceso.**

Os usuarios terán acceso autorizado unicamente a aqueles datos e recursos que precisen para o desenvolvemento das súas funcións.

O responsable do ficheiro establecerá mecanismos para evitar que un usuario poida acceder a datos ou recursos con dereitos distintos dos autorizados.

A relación de usuarios a que se refire o artigo 11.1 deste regulamento conterà o acceso autorizado para cada un deles.

Exclusivamente o persoal autorizado para isto no documento de seguridade poderá conceder, alterar ou anular o acceso autorizado sobre os datos e recursos, segundo os criterios establecidos polo responsable do ficheiro.

#### **Xestión de soportes.**

Os soportes informáticos que conteñan datos de carácter persoal deberán permitir identificar o tipo de información que conteñen, ser inventariados e almacenarse nun lugar con acceso restrinxido ao persoal autorizado para isto no documento de seguridade.

A saída de soportes informáticos que conteñan datos de carácter persoal, fóra dos locais en que está situado o ficheiro, unicamente poderá ser autorizada polo responsable do ficheiro.

#### **Copias de seguridade e recuperación.**

O responsable do ficheiro encargárase de verificar a definición e correcta aplicación dos procedementos de realización de copias de seguridade e de recuperación dos datos.

Os procedementos establecidos para a realización destas copias e para a recuperación dos datos deberá garantir a súa reconstrución no estado en que se atopaban no momento de producirse a perda ou destrución.

Deberán realizarse copias de seguridade, polo menos semanalmente, agás que no dito período non se producise ningunha actualización dos datos.

**LEI 59/2003, DO 19 DE DECEMBRO, SOBRE NORMAS REGULADORAS DE SINATURA ELECTRÓNICA. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO DO 20 DE DECEMBRO DE 2003, NÚM. 304.**

Esta lei regula a sinatura electrónica, a súa eficacia xurídica e a prestación de servizos de certificación.

As disposicións contidas nesta lei non alteran as normas relativas á celebración, formalización, validez e eficacia dos contratos e calquera outros actos xurídicos nin as relativas aos documentos nos que uns e outros consten.

Esta lei aplicarase aos prestadores de servizos de certificación establecidos en España e a os servizos de certificación que os prestadores residentes ou domiciliados noutro Estado ofrezan a través dun establecemento permanente situado en España.

Denomínase prestador de servizos de certificación a persoa física ou xurídica que expide certificados electrónicos ou presta outros servizos en relación coa sinatura electrónica.

Entenderase que un prestador de servizos de certificación está establecido en España cando a súa residencia ou domicilio social se atope en territorio español, sempre que estes coincidan co lugar en que estea efectivamente centralizada a xestión administrativa e o enderezo dos seus negocios. Noutro caso, atenderase ao lugar en que se realice esa xestión ou enderezo.

Considerarase que un prestador opera mediante un establecemento permanente situado en territorio español cando dispoña nel, de forma continuada ou habitual, de instalacións o lugares de traballo nos que realice toda ou parte da súa actividade.

Presumirase que un prestador de servizos de certificación está establecido en España cando o citado prestador ou algunha das súas sucursais se inscribisen no Rexistro Mercantil ou noutro rexistro público español no que fora necesaria a inscrición para a adquisición de personalidade xurídica.

A mera utilización de medios tecnolóxicos situados en España para a prestación ou o acceso ao servizo no implicará, por si soa, o establecemento do prestador en España.

A sinatura electrónica é o conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante.

A sinatura electrónica avanzada é aquela que permite identificar o asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire e que foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control.

Considerase sinatura electrónica recoñecida a sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura.

A sinatura electrónica recoñecida terá, respecto dos datos consignados en forma electrónica, o mesmo valor que a sinatura manuscrita en relación cos consignados en papel.

Considerase documento electrónico o redactado en soporte electrónico que incorpore datos que estean asinados electronicamente.

#### **O documento electrónico será soporte de:**

Documentos públicos, por estaren asinados electronicamente por funcionarios que teñan legalmente atribuída a facultade de dar fe pública, xudicial, notarial ou administrativa, sempre que actúen no ámbito das súas competencias cos requisitos esixidos pola lei en cada caso.

Documentos expedidos e asinados electronicamente por funcionarios ou empregados públicos no exercicio das súas funcións públicas, conforme a súa lexislación específica.

Esta lei aplicarase ao uso da sinatura electrónica no seo das administracións públicas, dos seus organismos públicos e das entidades dependentes ou vinculadas a elas e nas relacións que manteñan aquelas e estes entre si ou cos particulares.

As administracións públicas, co obxecto de salvagardar as garantías de cada procedemento, poderán establecer condicións adicionais á utilización da sinatura electrónica nos procedementos. Esas condicións poderán incluír, entre outras, a imposición de datas electrónicas sobre os documentos electrónicos integrados nun expediente administrativo. Enténdese por data electrónica o conxunto de datos en forma electrónica utilizados como medio para constatar o momento en que se efectuou unha actuación sobre outros datos electrónicos aos que están asociados.

#### **[LEI 44/2003, DO 21 NOVEMBRO, DE ORDENACIÓN DAS PROFESIÓNS SANITARIAS. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO DO 22 DE NOVEMBRO DE 2003, NÚM. 280.](#)**

O exercicio das profesións sanitarias levarase a cabo con plena autonomía técnica e científica, sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e polos demais principios e valores contidos no ordenamento xurídico e deontolóxico, e de acordo cos seguintes principios: existirá formalización escrita do seu traballo reflectida nunha historia clínica que deberá ser común para cada centro e única para cada paciente atendido nel. A historia clínica tenderá a ser soportada en medios electrónicos e a ser compartida entre profesionais, centros e niveis asistenciais.

LEI 55/2003, DO 16 DECEMBRO, ESTATUTO MARCO DO PERSOAL ESTATUTARIO DOS SERVIZOS DE SAÚDE. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO DO 17 DE DECEMBRO DE 2003, NÚM. 301.

O persoal estatutario dos servizos de saúde está obrigado a cubrir os rexistros, informes e demais documentación clínica ou administrativa establecidos na correspondente institución, centro ou servizo de saúde.

O persoal estatutario dos servizos de saúde está obrigado a manter a debida reserva e confidencialidade da información e documentación relativa aos centros sanitarios e aos usuarios obtida, ou á que teña acceso, no exercicio das súas funcións.

LEI ORGÁNICA 1/1982, DO 5 DE MAIO, SOBRE PROTECCIÓN CIVIL DO DEREITO AO HONOR, Á INTIMIDADE PERSOAL E FAMILIAR E Á PROPIA IMAXE. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO DO 14 DE MAIO DE 1982, NÚM. 115

Terán a consideración de intromisións ilexítimas no ámbito de protección delimitado polo artigo 2 desta lei a revelación de datos privados dunha persoa ou familia coñecidos a través da actividade profesional ou oficial

## ■ **NORMATIVA AUTONÓMICA**

LEI 7/2003, DO 9 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN SANITARIA DE GALICIA. BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO DO 14 DE XANEIRO DE 2004, NÚM. 12; DIARIO OFICIAL DE GALICIA DO 19 DE DECEMBRO DE 2003, NÚM. 246.

A presente lei ten por obxecto a ordeación sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a través da delimitación xeral das actuacións que permitan facer efectivo no seu ámbito territorial o dereito dos cidadáns á protección da saúde previsto no artigo 43 e concordantes da Constitución Española, no marco das competencias que lle atribúe o Estatuto de Autonomía.

**Constitúen servizos de información e documentación sanitaria os seguintes:**

- A información relativa aos procesos asistenciais, incluíndo, de ser o caso, a tramitación dos procesos administrativos para garantir a continuidade do proceso, e a relativa á prestación do consentimento informado, cando se precise.
- A expedición, onde proceda, de partes de baixa, confirmación, alta e demais informes ou documentos clínicos para a avaliación da incapacidade ou outros efectos.

de quen os revela: a captación, reprodución ou publicación por fotografía, filme, ou calquera outro procedemento, da imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fóra deles, agás nos casos previstos no artigo 8.2.

LEI ORGÁNICA 10/1995, DO 23 DE NOVEMBRO, POLA QUE SE QUE APROBA O CÓDIGO PENAL. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO DO 24 DE NOVEMBRO DE 1995, NÚM. 281.

O profesional que non respecte a súa obrigaón de sigilo ou reserva e divulgue os segredos doutra persoa, será castigado coa pena de prisión de un a catro anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para esa profesión por tempo de dous a seis anos.

LEI 1/2000, DO 7 DE XANEIRO, DE AXUIZAMENTO CIVIL. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO DO 8 DE XANEIRO DE 2000, NÚM. 7

Decidiranse no xuízo ordinario, calquera que sexa a súa contía os procesos que pretendan a tutela do dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe, e as que pidan a tutela xudicial civil de calquera outro dereito fundamental,

- O informe de alta hospitalaria, así como o de alta de consultas externas e en urxencias do episodio de atención.
- O acceso á información do proceso asistencial contida na historia clínica, así como a súa conservación para os fins previstos na normativa sanitaria e de protección de datos persoais

**Os cidadáns, no ámbito do sistema sanitario de Galicia, teñen os dereitos seguintes:**

- A que quede constancia por escrito, ou en soporte técnico axeitado, de todo o seu proceso e ao rematar o episodio asistencial se lle entregue o informe de alta hospitalaria, así como o da interconsulta de atención especializada e o de urxencias.
- A acceder á súa historia clínica e a obter os informes e resultados das exploracións que sobre o seu estado de saúde ou enfermidade se inclúan nela, así como unha copia dos citados documentos.
- A que se lle redacten os informes ou certificacións acreditativos do seu estado de saúde, cando a súa existencia se estableza mediante unha disposición legal ou regulamentaria.

**LEI 3/2001 DO 28 DE MAIO, DE GALICIA, SOBRE NORMAS REGULADORAS DO CONSENTIMENTO INFORMADO E DA HISTORIA CLÍNICA DOS PACIENTES. BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO DO 3 DE XULLO DE 2001, NÚM. 158; DIARIO OFICIAL DE GALICIA DO 8 DE XUÑO DE 2001, NÚM. 111.**

Esta lei ten por obxecto regular o consentimento informado dos pacientes, así como a súa historia clínica, garantindo o acceso daqueles á información contida nela.

A presente lei será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde.

A historia clínica é o conxunto de documentos en que se conteñen os datos, valoracións e informacións de calquera tipo sobre a situación e evolución clínica dos pacientes ao longo do seu proceso asistencial.

Na historia clínica poderán ser usados calquera dos soportes documentais axeitados para a súa utilización, sempre e cando se garantan a súa autenticidade, integridade, seguridade e conservación.

En todo caso, o uso deses soportes aterase ao disposto na normativa sobre tratamento automatizado de datos de carácter persoal.

A historia clínica deberá ser única por paciente, polo menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.

A historia clínica acumulará toda a información clínica xerada en cada episodio asistencial e integrará os diferentes episodios do paciente.

As historias clínicas deberán ser claramente lexibles, evitándose, no posible, a utilización de símbolos e abreviaturas, e estarán normalizadas en canto á súa estrutura lóxica, de conformidade co que se dispoña regulamentariamente.

Calquera información incorporada á historia clínica deberá ser datada e asinada de forma que se identifique claramente o persoal que a realice.

As historias clínicas son documentos confidenciais propiedade da Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria. No caso contrario, a propiedade correspóndelle ao médico que realiza a atención sanitaria.

A entidade ou facultativo propietario é responsable da custodia das historias clínicas e terá que adoptar todas as medidas precisas para garantir a confidencialidade dos datos e da información contida nelas.

Así mesmo, toda persoa que no exercicio das súas funcións ou competencias teña coñecemento dos datos e informacións contidas na historia clínica terá a obriga de reserva e sigilo respecto destes.

O paciente terá dereito á obtención dos informes e resultados das exploracións que sobre o seu estado de saúde ou enfermidade se inclúan na historia clínica. O dereito de acceso levará consigo o de obter copias dos mencionados documentos.

Nos supostos de procedementos administrativos de exigencia de responsabilidade patrimonial ou nas denuncias previas á formalización dun litixio sobre a asistencia sanitaria, permitirase que o paciente teña acceso directo á historia clínica, na forma e cos requisitos que se regulen legal ou regulamentariamente.

Tamén terán acceso á historia clínica os órganos competentes para tramitar e resolver os procedementos de responsabilidade patrimonial polo funcionamento da Administración sanitaria, así como a inspección sanitaria no exercicio das súas funcións.

O acceso á historia clínica nunca será en prexuízo do dereito de terceiros á confidencialidade dos seus datos se figuran na citada documentación, e así consta, nin do dereito dos profesionais que interviñeron na súa elaboración se invocan a reserva das súas observacións, apreciacións ou anotacións subxectivas.

O acceso por outras persoas distintas do paciente á información contida na historia clínica haberá de estar xustificado pola atención sanitaria deste. En todo caso, estará á disposición do persoal que directamente estea implicado na súa asistencia para os efectos do desempeño das súas funcións.

Calquera outra razón de carácter excepcional deberá responder a un interese lexítimo susceptible de protección e estar convenientemente motivada.

Permitirase o acceso ás historias clínicas para a obtención de información estatística sanitaria, para as actividades relacionadas co control e avaliación da calidade da asistencia prestada, as enquisas oficiais, os programas oficiais de docencia e investigación ou a requirimento da autoridade xudicial.

En todos os casos quedará plenamente garantindo o dereito do paciente á súa intimidade persoal e familiar, polo que o persoal que acceda a esta información gardará o correspondente segredo profesional.

A historia clínica deberá conservarse en condicións que garantan a preservación da información asistencial que contén, aínda que non se manteña no soporte orixinal no cal se xerou, coas cautelas que se establezan regulamentariamente para evitar a manipulación de datos cando non se manteña ese soporte orixinal.

LEI 3/2005, DO 7 DE MARZO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2001, DO 28 DE MAIO, REGULADORA DO CONSENTIMENTO INFORMADO E DA HISTORIA CLÍNICA DOS PACIENTES. DIARIO OFICIAL DE GALICIA DO 21 DE MARZO DE 2001, NÚM. 55.

**Modifícase o artigo 7, que queda redactado do seguinte xeito:**

Restrición da información en interese do paciente.

O dereito á información sanitaria dos pacientes pode limitarse pola existencia acreditada dun estado de necesidade terapéutica. Enténdese por tal a facultade do médico para actuar profesionalmente sen informar antes o paciente, cando por razóns obxectivas o coñecemento da súa propia situación pode prexudicar a súa saúde de xeito grave.

**No artigo 8 modifícanse os puntos 1 e 2, e engádeselle in fine un novo guión ao punto 5, que quedan redactados do seguinte xeito:**

O titular do dereito á información é o paciente. Tamén serán informadas as persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito, na medida en que o paciente o permita de xeito expreso ou tácito.

A información será verdadeira, comprensible, axeitada ás necesidades do paciente, continuada, razoable e suficiente.

A historia clínica é o conxunto de documentos en que se conteñen os datos, as valoracións e as informacións de calquera tipo sobre a situación e a evolución clínica dos pacientes ao longo do seu proceso asistencial, así como a identificación dos médicos e dos demais profesionais que interviñeron neste.

**Modifícase o artigo 16, que queda redactado do seguinte xeito:**

A historia clínica conterá suficiente información para identificar o paciente e documentar o seu proceso de atención sanitaria. Para tal efecto incluirá, polo menos:

- Datos suficientes para a axeitada identificación do paciente.

Médico ou profesional responsable.

Datos que identifiquen o proceso de atención sanitaria.

- Datos relativos ao proceso, que incluirán, como mínimo:
  - Anamnese e exploración física.
  - Ordes médicas.
  - Folla de evolución e de planificación de coidados de enfermaría.
  - Evolución clínica.
- Informe sobre os procedementos diagnósticos ou

terapéuticos e interconsultas realizadas.

- Informe de alta do episodio de atención ou folla de problemas en atención primaria.
- Documento de consentimento informado.
- Documento asinado de alta voluntaria.

**Modifícase o artigo 17, que queda redactado do seguinte xeito:**

**Requisitos.**

A elaboración da historia clínica, nos aspectos relacionados coa asistencia directa ao paciente, será responsabilidade dos profesionais que interveñen nela.

As historias clínicas deberán ser claramente lexibles; no posible, evitarase a utilización de símbolos e abreviaturas, e estarán normalizadas en canto á súa estrutura lóxica, de conformidade co que se dispoña regulamentariamente. Calquera información incorporada á historia clínica deberá ser datada e asinada de maneira que se identifique claramente o persoal que a realice.

**Modifícase o artigo 19, que queda redactado do seguinte xeito:**

**Acceso.**

O paciente ten o dereito de acceso á documentación da historia clínica e a obter copia dos datos que figuran nela. Os centros sanitarios regularán o procedemento que garanta a observancia destes dereitos. Este dereito de acceso poderá exercitarse por representación debidamente acreditada.

Nos supostos de procedementos administrativos de exixencia de responsabilidade patrimonial ou nas denuncias previas á formalización dun litixio sobre a asistencia sanitaria, permitirase que o paciente teña acceso directo á historia clínica, na forma e cos requisitos que se regulen legal ou regulamentariamente. Tamén terán acceso á historia clínica os órganos competentes para tramitar e resolver os procedementos de responsabilidade patrimonial polo funcionamento da Administración sanitaria, así como a inspección sanitaria no exercicio das súas funcións.

O acceso á historia clínica con fins xudiciais, epidemiolóxicos, de saúde pública, de investigación ou de docencia réxese polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e nas demais normas aplicables en cada caso. O acceso á historia clínica con estes fins obriga a preservar os datos de identificación persoal do paciente, separados dos de carácter clínico-asistencial, de xeito que como regra xeral quede asegurado o anonimato, agás que o propio paciente dese o seu



consentimento para non separalos. Exceptúanse os supostos de investigación da autoridade xudicial nos que se considere imprescindible a unificación dos datos identificativos cos clínicos-asistenciais, nos cales observárase o que dispoñan os xuíces e tribunais no proceso correspondente. O acceso aos datos e documentos da historia clínica queda limitado estritamente aos fins específicos en cada caso.

O dereito ao acceso do paciente á documentación da historia clínica non pode exercitarse en prexuízo do dereito de terceiras persoas á confidencialidade dos datos que constan nela recollidos en interese terapéutico do paciente, nin en prexuízo do dereito dos profesionais participantes na súa elaboración, os cales poden opoñer ao dereito de acceso a reserva das súas anotacións subxectivas.

O acceso por outras persoas distintas ao paciente á información contida na historia clínica deberá estar xustificado pola atención sanitaria deste. En todo caso, o persoal de administración e xestión dos centros sanitarios só pode acceder aos datos da historia clínica relacionados coas súas propias funcións.

Os centros sanitarios e os facultativos de exercicio individual só lles facilitarán o acceso á historia clínica dos pacientes falecidos ás persoas vinculadas a eles, por razóns familiares ou de feito, agás que o falecido o prohibise expresamente e así se acredite. En calquera caso, o acceso dun terceiro á historia clínica motivado por un risco para a súa saúde limítase aos datos pertinentes. Non se facilitará información que afecte á intimidade do falecido nin as anotacións subxectivas dos profesionais, nin que prexudiquen a terceiros. Calquera outra razón de carácter excepcional deberá responder a un interese lexítimo susceptible de protección e estar convenientemente motivada.

O persoal sanitario debidamente acreditado que exerza funcións de inspección, avaliación, acreditación e planificación ten acceso ás historias clínicas no exercicio das súas funcións de comprobación da calidade da asistencia, do respecto dos dereitos do paciente ou de calquera outra obriga do centro en relación cos pacientes e usuarios ou coa propia Administración sanitaria.

En todos os casos quedará plenamente garantido o dereito do paciente á súa intimidade persoal e familiar, polo que o persoal que acceda a esta información gardará o correspondente segredo profesional.

## ORDE DO 7 DE ABRIL 1993 REGULADORA DO CONXUNTO MÍNIMO BÁSICO DE DATOS DE ALTA HOSPITALARIA. DIARIO OFICIAL DE GALICIA DO 26 DE ABRIL DE 1993, NÚM. 77.

Todos os centros e establecementos sanitarios públicos e privados en réxime de internamento da Comunidade Autónoma de Galicia quedan obrigados á elaboración, por parte do médico responsable, dun informe clínico de alta para todos os pacientes ingresados que sexan dados de alta.

Para os efectos da presente orde, enténdese que se produce a alta no centro ou establecemento sanitario cando o paciente ingresado deixa de ocupar cama por curación, melloría, fin de cuidados, traslado a outro centro, ou por alta voluntaria ou defunción.

No suposto de traslado interno entre servizos do mesmo centro hospitalario, debe entenderse que se produce alta nun servizo e ingreso noutro, o que implica deixar de producir estadias no primeiro servizo para producilas no segundo.

Enténdese por estadia o conxunto de pernocta e tempo en que se subministre polo menos unha comida principal (almorzo ou cea). Para poder contabilizar estadias, o paciente debe ocupar cama destinada á atención de pacientes ingresados, incluíndose as incubadoras fixas e as camas destinadas a cuidados especiais. Non se contabilizarán as camas de espertar, de observación en urxencias, de hemodiálise ambulatoria, de indución de preanestesia, de acompañantes, de exploracións especiais, de hospital de día, camas para o persoal do establecemento, camas supletorias nin berces para recém nados normais.

O informe clínico de alta hospitalaria deberá constar, como mínimo, dos seguintes datos:

### Datos relativos ao centro:

- Nome, enderezo e teléfono.
- Código segundo o Catálogo Nacional de Hospitais.
- Identificación da unidade ou servizo que dea de alta o paciente.
- Nome, apelidos e sinatura do facultativo responsable da alta.

### Datos de identificación do paciente:

- Nome e apelidos.
- Número de historia.
- Data de nacemento.
- Sexo.
- Residencia habitual.
- Datos referidos ao proceso asistencial:
- Data de ingreso (día, mes e ano).

- Data de alta (día, mes e ano).
- Motivo de ingreso (signos, síntomas ou situacións que, requirindo asistencia, motivaron o ingreso).
- Motivo de alta (curación, melloría, fin de cuidados, traslado a outro centro, alta voluntaria ou defunción).
- Resumo da historia clínica e exploración física do paciente.
- Resumo da actividade asistencial prestada ao paciente incluíndo, de ser o caso, resultado das probas complementarias máis significativas para o seguimento da evolución do enfermo. No caso de falecemento e no caso de realizarse a autopsia, sinaláranse os achados máis significativos desta.
- Diagnóstico principal (afección que despois do estudo necesario se considera causa do ingreso no hospital). Non se utilizarán epónimos nin abreviaturas para describilo.
- Outros diagnósticos (procesos patolóxicos que non son o principal e que coexisten con el no momento do ingreso, ou que se desenvolvan ao longo da estadía hospitalaria, ou que influán na duración desta ou no tratamento administrado).
- Procedementos cirúrxicos e obstétricos (son todos aqueles procedementos en que se utiliza un quirófano e/ou sala de partos). No caso de parto, para cada uno dos produtos especificarase peso ao nacer, sexo e estado natal do recém nado. Considerarase recién nado vivo todo produto da concepción que, unha vez expulsado ou extraído completamente do corpo da nai, independentemente da duración do embarazo, respire ou dea calquera outro sinal de vida, tal como palpacións do corazón, pulsacións co cordón umbilical ou movementos efectivos dos músculos de contracción voluntaria, tanto se se cortou como se non o cordón umbilical e estea ou non desprendido da placenta.
- Outros procedementos (aqueles procedementos diagnósticos e/ou terapéuticos que requiren recursos materiais e humanos especializados e implican un risco para o paciente).
- Recomendacións terapéuticas.

O informe clínico de alta hospitalaria será redactado por duplicado, entregándose unha copia en man ao paciente, familiar ou titor legal a criterio do facultativo responsable no momento de producirse a alta, quedando a outra copia arquivada no hospital, que garantirá a súa confidencialidade.

DECRETO 52/2001, DO 22 DE FEBREIRO, POLO QUE SE REGULA A ACREDITACIÓN DOS CENTROS HOSPITALARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. DIARIO OFICIAL DE GALICIA DO 12 DE MARZO DE 2001, NÚM. 50.

### 8. Área de arquivo e documentación clínica.

É a encargada do depósito, custodia, préstamo e distribución das historias clínicas do hospital, así como de recoller e xerar toda a información de utilidade clínica relativa aos procesos asistidos no centro.

**Criterio 8.1: o hospital dispón dunha área de arquivo e documentación clínica propia e/ou allea vinculada organizada en función das súas necesidades administrativas e asistenciais.**

#### Requisitos:

8.1.4. O persoal da área coñece os criterios organizativos que determinan as súas responsabilidades, así como as relacións de dependencia co resto das áreas do hospital, estando reguladas e constando por escrito as seguintes funcións:

- Admisión de historias clínicas no arquivo, ordenación dos documentos na historia clínica e sistemas de clasificación, arquivado e almacenamento en depósito de activo, pasivo, histórico e historias clínicas voluminosas, así como da custodia especial daquelas historias clínicas que o requiran.
- Tempo obrigatorio que debe conservarse a historia no arquivo activo e documentos que deben conservarse indefinidamente na historia clínica.
- Asignación de número ás historias clínicas, elaboración e mantemento informático do ficheiro índice de pacientes e mantemento do informe.
- Subministración de historias clínicas ás restantes áreas do hospital, con indicación expresa dos trámites necesarios, prazos de entrega, persoal capacitado para solicitalas e orde de prioridade nos préstamos.
- Rexistro dos movementos de entrada e saída das historias clínicas do arquivo, incluíndo a recepción, préstamo, circulación, seguimento, devolución e reclamación delas.
- Acceso á documentación clínica por parte do paciente e persoal do hospital e alleo a este.
- Elaboración do conxunto mínimo básico de datos do centro, incluíndo descrición e contido dos datos, a súa orixe e mais o sistema e versión de codificación utilizado.
- Modificación de datos de pacientes dados en adopción.

8.1.5. A área de arquivo e documentación clínica garante o mantemento da autenticidade, integridade,

confidencialidade, seguridade e perdurabilidade da información existente tanto en soporte físico como electrónico.

8.1.6. A organización tecnolóxica da área e do hospital fai posible, polo menos, a xestión informatizada do ficheiro índice de pacientes, os movementos da historia clínica e mailos sistemas de recuperación da información (conxunto mínimo básico de datos).

**Criterio 8.3: a área de arquivo e documentación clínica realiza as súas actividades garantindo a súa calidade e adecuación á mellora continua da satisfacción dos pacientes e ás necesidades do hospital.**

#### Requirimentos:

8.3.1. O hospital garante a existencia dunha historia clínica única, integrada e acumulativa para cada paciente, a súa formalización apropiada e a confidencialidade da información contida nela.

8.3.2. A historia clínica contén información suficiente para identificar o paciente, apoiar o diagnóstico, xustificar o tratamento e documentar o curso clínico e mais os resultados con precisión.

8.3.3. As actividades de xestión da calidade desenvolvidas na área son coherentes coa estratexia do plan de calidade do hospital, revisadas periodicamente e inclúen, polo menos, os seguintes aspectos:

- Dispor con carácter xeral dun modelo unificado de historia clínica elaborado por un grupo de traballo multidisciplinar do hospital e aprobado pola dirección.
- Realizar controis da documentación prestada, de erros na localización no arquivo, de historias clínicas non devoltas dentro dos prazos estipulados, de historias duplicadas e de reclamacións por servizo.
- Implantar programas e funcións informáticos para o control e seguimento da documentación prestada, recepción e reclamación desta e dixitalización dos documentos existentes na historia clínica.
- Realizar revisións periódicas e por mostraxe da calidade dun número suficiente de historias clínicas de cada área do hospital, elaborando e trasladándolles aos responsables un ditame sobre os resultados obtidos e propostas de melloría.
- Colaborar con outros hospitais centralizando o envío e/ou recepción da documentación correspondente á evolución dos enfermos que os facultativos dun ou doutro centro soliciten.
- Participar na investigación e docencia levada a cabo no hospital achegando a documentación necesaria.
- Solicitar o consentimento escrito do paciente para subministrar información contida na historia clínica a persoas non autorizadas para disporen dela.

- Manter permanentemente actualizado e cuberto o conxunto mínimo básico de datos á alta hospitalaria do centro.

**DECRETO 292/2001, DO 8 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE CONFIGURA A CATEGORÍA DE MÉDICO DE ADMISIÓN E DOCUMENTACIÓN CLÍNICA. DIARIO OFICIAL DE GALICIA DO 22 DE NOVEMBRO DE 2001, NÚM. 226.**

O presente decreto ten por obxecto a creación da categoría de persoal estatutario de médico de admisión e documentación clínica no ámbito das institucións sanitarias hospitalarias do Sergas.

Corresponderanlle, con carácter xeral, aos médicos de admisión e documentación clínica as seguintes funcións:

- Colaborar na organización do sistema de información sanitaria do hospital.
- Creación, actualización e mantemento do ficheiro de pacientes na institución sanitaria, garantindo a súa coherencia, integridade, fiabilidade así como a confidencialidade da información.
- Xestión e organización dos arquivos de documentación clínica e historias clínicas da institución sanitaria, asegurando que a súa configuración e utilización se axustan ás previsións contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes. No caso de que esta función fora prestada por terceiros a través dun contrato administrativo deberá supervisar os citados axustes á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e á Lei 3/2001.
- Establecer, en colaboración coas instancias determinadas por cada centro, a normativa respecto do acceso, a localización, o préstamo e a devolución da documentación clínica, establecendo mecanismos que aseguren a súa confidencialidade, integridade, seguridade e dispoñibilidade.
- Normalizar a documentación clínica da institución sanitaria do centro para a súa correcta homoxeneización, en colaboración coa comisión de historias clínicas.
- Clasificar, integrar e coordinar toda a información clínico-asistencial da institución sanitaria con independencia de cal sexa o seu soporte físico.
- Colaborar na organización da recuperación da información clínica para usos asistenciais, de investigación e docentes.

As funcións de organización e xestión recollidas nos números anteriores exerceranse de acordo coas liñas organizativas marcadas pola dirección do centro.